A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de decembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 7 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2019.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 10 de decembro de 2019, do técnico en Programación e Xestión Deportiva, conformado coa mesma data pola concelleira delegada de Deportes, o cal é do seguinte teor literal:

"**ASUNTO**: APROBACIÓN DAS BASES DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2019

I. ANTECEDENTES

1. Que por parte da Concellaría de Deportes existe interese en volver a realizar a Gala do Deporte Santiagués na que se fará entrega dos premios aos deportistas, institucións e clubs máis destacados durante o ano 2019, manténdose deste xeito un acto que foi maioritariamente eloxiado na última edición do ano 2018.

2. Que o obxectivo destes premios é recoñecer e por en valor o extraordinario traballo que persoas, deportistas, empresas, centros educativos e entidades están a facer polo deporte en Compostela, polo que parece lóxico e necesario que se organice un acto no que publicamente se dea a coñecer os méritos dos

II. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao exposto, considero que procede continuar co trámite do expediente polo que, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago que se aproben as BASES DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2019 que se achegan coa presente proposta."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar as BASES DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2019, que figuran no expediente seladas e rubricadas polo concelleiro-secretario.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org